


## “O pai de Migueliño”

Reproducimos deseguido o texto deste relato incluído por Castelao no seu libro *Cousas* (1929).

- CASTELAO, ALFONSO, R.: *Cousas*, Vigo: Galaxia, 1962, p. 94-95.



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**  
Arquivo da Emigración Galega



*O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados cómo era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.*

*Os "americanos" xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.*

*De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sinteu por el un grande amor e canto máis se achegaba o "americano", máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. ¡Ai!, o "americano" pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querelo.*

*Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballle que aquel era o seu pai. O rapaz devecíase por bicalo a faltar. ¡Tiña un porte de tanto señorío! ¡Ai!, o "americano" pasou de largo e nin tan siquiera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno.*

*Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.*

*E cando esculcaba con máis anguria, fíxose cargo de que un home estaba abrazando á súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi flaco, metido nun traxe moi floxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...*

*Aquel si que era o pai de Migueliño.*